

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 2 DE MAIO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de maio de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 23 de Abril do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

CONDICIÓN URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de **Evaristo Cruces Alvarez**, con domicilio na Franqueirán, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito no Camiño Carro do Traveso, A Franqueiran (Polígono 8, Parcelas 424-423 (950IZU)426-427), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 27.04.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

Segundo eoPlano de Situación aportado, a ubicación corresponde a Solo de Núcleo Rural.

Xirada visita ao lugar, comprobo a existencia dunha ruínas correspondentes a unha vivenda unifamiliar. Ante calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Art. 103, 104 e Art. 25 “Tipos de Actuación”, da LOUGA, así como demais disposicións regulamentarias.

Axuntase co presenta informe:

-Art. 24 e seguintes da LOUGA.

-Plano Oficial N.R. , E 1: 5.000.

-Plano Catastral. “

Vista a solicitude de **Traviacar S.L.**, con domicilio na rúa Conde Vallellano nº 26, O Carballiño, no que interesa informe urbanístico aplicable a parcela núm. 15 do Parque Empresarial de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 27.04.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP, nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación que corresponda, publicadas no DOGA, de 19 de xuño de 1991. Este ordenamento se supedita a la “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; así como disposicións concorrentes.

O Parque Empresarial de Ribadavia, corresponde ao proceso de desenvolvemento de figuras derivadas, que se tramitaron regulamentaria:

Modificación Puntual das NNSSM, publicado no BOP, do 24/9/1998.

Plan Parcial do Parque Empresarial de Ribadavia, publicado no BOP, do 10/11/1998.

Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial de Ribadavia, publicado no BOP, del 7/10/1999.

Modificación Puntual, decembro de 2003, publicado no B.O.P., nº 48, el 28 de febreiro de 2004.

Aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial, 2ª Fase.

Aprobado por Xunta de Goberno Local, en Sesión Ordinaria celebrada o quince de xaneiro de 2007.

O documento “MODIFICACIÓN Nº 2 “ foi aprobado definitivamente en Sesión Ordinaria do Pleno deste Concello o 29 de marzo de 2007. Publicado no D.O.G.A. de data 02-05-07.

No punto “1.6 OBXECTIVOS, CRITERIOS E DETERMINACIÓN DA MODIFICACIÓN”, onde se establece en forma puntual a modificación introducida. Respecto á parcela numero 15 cabe destacar.

Parcela Nº 15- Parcela Industrial. Correspondente á 1ª fase.

Superficie en m²: 718,42.

Edificabilidade Total: 849,38.

Perímetro: Non consta de forma expresa.

En 3.2 consta a “AGRUPACIÓN DE USOS”, Usos Mixtos Comerciais e Industriais.

Non se permite o adose, salvo nun lateral según condicións e garantías establecidas no P.P. (B.O.P. nº 48 de 28 de febreiro de 2004)

. Retranqueos.

Liña de fachada 7,00 metros mínimo.

Laterais. 4,00 metros mínimo.

Fondo. 4,00 metros mínimo.

Urbanización frontal 1,20 +2,10=3,30 metros desde bordillo, correspondendo os 2,10 metros a unha franxa axardinada.

As condicións de aplicación, son as que figuran nos documentos públicos que se relacionan no presente informe.

Son de aplicación as disposicións que con carácter xeneral lle son de aplicación á actividade a implantar.

Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, por o que se aproba o Regulamento de Seguridade Contra Incendios, nos establecementos industriais. E concorrentes de obrigado cumprimento.

Atópase urbanizada a Primeira Fase, así defínida na documentación urbanística e técnica oficial.

Esta Primeira Fase corresponde a solo urbano na categoría de consolidado, Art. 12. a) da LOUGA.

Amoxonamento da parcela. XESTUR procederá ao amoxonamento da parcela levantando a correspondente Acta.

Axuntase co presente informe:

- Plano Situación, Cartografía Oficial, Plano Nº 1.
- Parcelario Resultante, Cartografía Oficial, Plano Nº 7.
- Detalle. Plano 19-1.
- Sección Tipo Vial, Plano Nº 18.
- 1.6 da Modificación Nº 2”.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **dona Maria del Carmen del Portal Cortes Rodríguez**, con domicilio na rúa Travesía de Santiago núm. 2, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Consuelo Fidalgo Meijide**, con domicilio na Quinza núm. 3, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Nieves Moreira Martínez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 23 de abril de 2007, reactiva a Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia (Ourense), programa 2006, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Vivenda 2005-2008”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PROXECTO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o proxecto de construción dun muro de contención no Camiño principal M-66, da zona de C.P. de Santo André de Camporredondo (Ribadavia-Ourense), redactado pola Enxeñeira agrónomo Dona Cándida Grande Conde, cun orzamento de execución por contrata de 23.947,17 euros.”

CREACION SERVIZO MUNICIPAL DE DE PROTECCION CIVIL.-

“ O Servizo municipal de Protección Civil só é obrigatorio nos Concellos de máis de 20.000 habitantes, así o regula o artigo 26.1 c) da LRBRL 7/85, de 2 de abril e a propia Lei de Administración Local de Galicia no seu artigo 8.1 c).

Non obstante neste Concello faise necesario contar con dito servizo debido os seguintes argumentos:

- a) A Protección Civil, na lei 7/1985, concíbese coma un Servizo público, e as competencias corresponden a Administración Civil do Estado, e nos

termos establecidos, na Lei, as Comunidades Autónomas e Administracións Locais.

- b) Que os poderes públicos teñen a obriga de garantir o dereito á vida e a integridade física, como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.
- c) Que para poder proporcionar un servizo eficaz debe estar organizado e regulado adecuadamente.
- d) Que o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, a partir do ano 2007, só subvencionará gastos correntes e de investimento aos Concellos que dispoñan de Servizo Municipal de Protección Civil.

Dado que de feito dito servizo xa se atopa prestando no Concello, a Xunta Goberno por unanimidade de todos os presentes, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Crear o Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Ribadavia, adscribindo o mesmo o Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR), a Asociación de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) e tódolos recursos e medios de intervención que dispoñan ámbalas dúas agrupacións.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo na primeira sesión do Pleno que se celebre.

SUBVENCIONS PROTECCION CIVIL.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 3 de Abril de 2007, pola que se regula o réxime de axudas aos Concellos e Mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para financiamento dos gastos derivados do funcionamento dos servizos de protección civil en materia de xestión de riscos e situacións de emerxencia, acorda: Acollerse a dita Orde solicitando a correspondente subvención, aceptando integramente os seus termos e prescricións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 3 de Abril de 2007, pola que se regula o réxime de axudas aos Concellos e Mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para financiamento dos investimentos derivados da creación, posta en funcionamento e desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil, acorda: Acollerse a dita Orde solicitando a correspondente subvención, aceptando integramente os seus termos e prescricións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 4 de Abril de 2007, pola que se ditan normas para a cesión en propiedade de material de emerxencia e salvamento en misións de Protección Civil aos Concellos e Mancomunidades de Concellos galegos, acorda: a) Solicitar a cesión en propiedade, regulada nesta Orde, aceptando integramente os seus termos e prescricións; b) Facultar o Sr. Alcalde para aceptar a cesión en propiedade nas condicións establecidas pola Consellería e asinar a correspondente acta, no caso de resolución favorable da Consellería.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.